



## CONCELLO DE NARÓN

COMUNICACIÓN/AUTORIZACIÓN DE  
REALIZACIÓN DE FOGUEIRAS DE SAN  
XOÁN OU SIMILARES EN ESPAZOS  
PRIVADOS (COMUNICACIÓN) OU  
ESPAZOS PÚBLICOS (AUTORIZACIÓN)

MODELO A-ALC-04

Espazo reservado para uso administrativo

### SOLICITANTE E REPRESENTACIÓN

*Persoa física: nome*  *Primeiro apelido*  *Segundo apelido*   DNI  NIE  Pasaporte

*Persoa xurídica: nome ou razón social*  *Sigla ou nome*  CIF

### Datos da Entidade

*Nome*  *Nº Rexistro Municipal de Entidades Asociativas*  *E-mail*   C.I.F.

### Enderezo para efectos de notificacións

*Tipo de vía*  *Nome da vía*

*Numero*  *Quilometro*  *Letra*  *Bloque*  *Portal*  *Escaleira*  *Piso*  *Porta*  *Código postal*

*Poboación*  *Municipio*  *Provincia ou país*

### Outros medios de contacto

*Teléfono fixo*  *Teléfono móbil*  *Enderezo de correo electrónico (campo obrigatorio)*  *Fax*

Conforme ao disposto na lexislación vixente SOLICITO ao Concello de Narón, en relación coa **presente solicitude** que se me envíen as **NOTIFICACIÓNS** que no seu caso se diten (marcar o que proceda):

- Á miña caixa de correo electrónico, accesible na sede electrónica [www.naron.es](http://www.naron.es), tras a identificación previa con certificado dixital.
- En formato papel (agás os suxeitos sinalados no artigo 14.2 da LPACAP), quedando igualmente accesibles a disposición do interesado na sede electrónica municipal (*validación documentos dixitais*).

Así mesmo solicito que se efectúen ao enderezo electrónico especificado como medio de contacto, os avisos, mensaxes ou comunicacións relativos a este expediente.

### DATOS DA ACTIVIDADE

Espazo Privado  Espazo Público

*Data da actividade:*  *Nome da celebración ou motivo:*

*Localización:*  *Parroquia:*  *Horario:*

*Estimación de participación máxima:*  persoas.

### ORGANIZACIÓN (cubrir só no caso de espazos públicos)

- Os organizadores contan con persoal suficiente, estimado nunhas  persoas, que serán as encargadas da organización total da actividade (NON se contratará a ningunha empresa para labores organizativos).

No suposto de entidades, este persoal estaría formado por socios da entidade e colaboradores voluntarios. De todos os xeitos, estas persoas están vinculadas á Entidade organizadora polo que calquera relación que puidese xurdir sempre será entre éstos colaboradores e a Entidade organizadora, que asume na súa totalidade a responsabilidade da organización da actividade.)

- Os organizadores serán os responsables da solicitude e obtención de todo tipo de licenzas e autorizacións necesarias, correndo ao seu cargo o seu custo (Costas, Augas, Etc.).

Do mesmo xeito, os organizadores comprométese a elaborar, implantar, cumprir e facer cumprir o Plan de Seguridade da actividade na instalación ou terreo municipal onde se desenvolva. No caso de que a actividade estea incluída no catálogo do Anexo I do Real Decreto 393/2007 ou do Decreto 171/2010, a entidade comprométese a elaborar un Plan de autoprotección de acordo cos contidos mínimos establecidos en ambas as normas. Este Plan de autoprotección ou emerxencia estará sempre coordinado co Departamento de Seguridade, Saúde Laboral e Emerxencias do Concello de Narón.

### SEGUROS

- Os organizadores terán cuberta cos seguros que correspondan a realización da actividade, correndo ao seu cargo os custos destes seguros. Os devanditos seguros dan cobertura aos traballadores, no caso de que existan, ao persoal da organización e ao público en xeral. Os organizadores presentarán no momento do outorgamento da licenza de uso o recibo conforme está aboado, co cargo bancario correspondente.

Continúa no dorso

Á ALCALDÍA DO CONCELLO DE NARÓN

## DATA E SINATURA

Declaro que todos os datos facilitados son certos, que lín as advertencias legais e que acepto as condicións particulares expresadas, polo que solicito que se admita a trámite esta instancia.

Narón,

de  de

O/A solicitante ou representante legal

Asdo.

## DOCUMENTACIÓN ACHEGADA (Obrigadorla no caso de espazos públicos)

- 1  Anexo I.
- 2  Ubicación da actuación segundo os Plano xeral do espazo público, coa delimitación dos espazos que vaian ser utilizados.
- 3  Situación de plataformas ou outros no espazo de actividade.
- 4  Certificación técnica da montaxe e seguridade de escenarios, plataformas, instalacións e similares, se é o caso.
- 5  Pólizas de seguros de R.C e de Accidentes coas coberturas legais esixibles, segundo a normativa vixente e que incluirán, polo menos, a público, organizadores e traballadores contratados, no seu caso.
- 6  Plan de seguridade que contemple a prevención e actuación ante emerxencias, organización do tráfico e a seguridade cidadá, no seu caso.
- 7

## MEDIDAS DE PREVENCIÓN DO CONCELLO DE NARÓN

### Para festas gastronómicas:

- A confección de alimentos efectuarase sempre en instalacións e infraestruturas axeitadas para tal fin, e nunca directamente sobre o terreo.
- A confección de alimentos non debe realizarse antes da saída do sol e debe rematarse dúas horas antes do momento da súa posta.
- Que se dispoña no lugar dun sistema de extinción de incendios axeitado á proporción das infraestruturas utilizadas.
- Que a zona de confección dos alimentos permaneza vixiada polos solicitantes ata o total remate do cociñado. Unha vez rematada a confección dos alimentos as infraestruturas utilizadas deberán permanecer totalmente apagadas, asegurándose de que non quedan brasas, empapando os restos con auga en caso necesario.
- No caso de que se levante vento que poida dificultar a vixilancia e propagación de faíscas, a confección de alimentos deberá suspenderse e as infraestruturas utilizadas apagarse de inmediato.

**NO CASO DE PROBLEMAS CHAMAR AO 085 OU 112**

### Para fogueiras de San Xoán:

- A fogueira estará a unha distancia mínima de 50 metros de vivendas, vehículos, instalacións, tendidos eléctricos ou telefónicos e zonas vexetais susceptibles de ser queimadas.
- A súa dimensión non superará os 5 metros de altura e os 3 metros de diámetro.
- Non se queimarán residuos perigosos ou tóxicos tipo: pneumáticos, aceites, plásticos, envases baleiros de aerosois, etc.
- Cando se faga a fogueira sobre terreos públicos asfaltados, lousados ou pintados deberá protexerse o pavimento cunha capa de area en toda a superficie da fogueira.
- Disporase no lugar dun sistema de extinción de incendios axeitado á proporción da fogueira.
- A fogueira permanecerá vixiada ata a súa total extinción que deberá ser asegurada empapando os restos totalmente con auga.
- No caso de que se levante vento que poida dificultar a vixilancia e extinción da fogueira esta deberá suspenderse ou apagarse de inmediato.
- O solicitante será sempre o responsable dos danos e prexuízos que a fogueira ocasione.

**NO CASO DE PROBLEMAS CHAMAR AO 085 OU 112**

## OBXECTO

A instancia de solicitude utilízase para algún destes fins:

- Comunicación/autorización de realización de fogueiras de san xoán ou similares en espazos privados (comunicación) ou espazos públicos (autorización).

## INSTRUCCIÓNS

- Cubra os datos da persoa física ou xurídica que formula a solicitude e do seu representante se procede, achegando en tal caso o correspondente documento de representación. Se vostede é un dos interesados sinalados no art. 14.2 da **LPACAP** unicamente poderá relacionarse con este Concello a través de medios electrónicos.
- Cubra igualmente o enderezo completo, para os efectos de notificacións, do solicitante ou do seu representante, así como outros medios de contacto tales como teléfono fixo, teléfono móbil, enderezo de correo electrónico (campo obrigatorio) e fax, no caso de que desexe ser contactado por algún destes medios. O Concello de Narón fica autorizado a remitirle **Avisos** ao correo electrónico co enderezo especificado na instancia. Así mesmo se vostede optou pola tramitación telemática, as **Notificacións** enviaranse á súa caixa de correo Web para o que necesitará un certificado dixital recoñecido (DNI electrónico, CERES, etc.) Pode obter máis información sobre certificados dixitais, administración electrónica, así como da súa caixa de correo Web Persoal para a práctica de notificacións telemáticas fidedignas en <https://sedeelectronica.naron.es>.
- Indique a relación de documentos que achega xunto coa solicitude.
- No caso de achegar documentación ou formular alegacións ou recursos, non se esqueza de indicar o código de expediente relacionado.
- No caso de que a exposición de motivos no caiba no anverso, continuar no reverso ou noutra páxina marcando a casa.
- A solicitude debe ser asinada polo interesado solicitante ou o seu representante, se procede.



## CONCELLO DE NARÓN

INFORMACIÓN  
COMUNICACIÓN/AUTORIZACIÓN DE  
REALIZACIÓN DE FOGUEIRAS DE SAN XOÁN  
OU SIMILARES EN ESPAZOS PRIVADOS  
(COMUNICACIÓN) OU ESPAZOS PÚBLICOS  
(AUTORIZACIÓN)

**ANEXO I** (A-ALC-04)

Lugar de celebración

Memoria explicativa da actividade a desenvolver

Instalacións tales como escenarios, plataformas, dispositivos electrónicos ou mecánicos (coa potencia requirida) e similares a utilizar na actividade con indicación de medidas

Determinación do número de asistentes

